


OUTONO

FOTOGRAFICO

29

2 0 1 1



disfina edemita, xosé lois vázquez • ourense • www.edemita.org • benito losada, in memoriam



Agrupación Fotográfica Ourense • Amencer • Anacos da Cidade • Arteu: Arte+Sociedade • Asociación de Veciños Parque Barbaña • Asociación Fotográfica O Potiños • Asociación Fotográfica Posición B • Aspanas • Ateneo de Ourense • Aula K • Bar La Galería (O Barco) • Biblioteca Pública de Lugo • Bodegas Docampo • Cadomoki • Café Cultural Auriense • Café Cultural Roi Xordo (Allariz) • Café Isaac • Café Peñasco (O Carballiño) • Café Pop Art • Café Pop Torgal • Cafetería Cátedra • Can Basté • Casino do Carballiño • Castelo de Santa Cruz (CEIDA) de Oleiros • Centro Comarcal de Terra de Caldeas • Centro Comarcal de Terras de Trives • Centro Comarcal de Valdeorras • Deputación de Ourense: Centro Cultural, Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo • Centro Cultural Fernando Casas e Nóvoa, Oroso • Centro Penitenciario de Lledoners • Centro Penitenciario Pereiro de Aguiar • Centro Social Novacaixagalicia Ourense • Clube Alpino Ourense • Clube de Prensa de Ferrol • Colectivo Violeta • Concellerías de Xuventude, de Cultura e de Benestar Social do Concello de Ourense: Auditorio Municipal, Centros Cívicos de A Cuña, A Ponte e Colón, Museo Municipal • Concello de Allariz: A Fábrica • Concello de Barbadás: Casa da Cultura • Concello de Boborás • Concello de Celanova • Concello de A Coruña: Biblioteca do Castrillón, Casa Museo Casares Quiroga, Casa Museo de María Pita • Concello de Ferrol: Centro Torrente Ballester • Concello de Leiro • Concello de Maceda: Castelo • Concello de Maside • Concello de Montforte de Lemos: Casa da Cultura • Concello de O Barco de Valdeorras • Concello do Carballiño • Concello de Parada de Sil • Concello de Piñor • Concello de Pobra do Brollón • Concello de Pobra de Trives: Centro Cultural Santa Leonor • Concello de Pontedeume: Casa da Cultura • Concello de Ribadavia: Casa da Cultura, Casa da Xuventude • Concello de Verín: Casa do Escudo • Concello de Xinzo de Limia: Casa da Cultura e Xuventude • Concello de Santiago: Centros Socioculturais Conxo, A Trisca, As Fontiñas, José Saramago, O Castiñeirío, Centro Cultural do Ensanche • Consello da Cultura Galega • Delegación Territorial da Xunta de Galicia de Lugo • Difusora de Letras, artes e ideas • Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia: Espazo Xove, Casa da Xuventude de Ourense, Casa da Xuventude de Chantada, Casa da Xuventude de Lalín • Festival Proxecta • Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá • Escola de Arte Antonio Faílde de Ourense • Entrepedras • Faíscas • Fundación Iberoamericana para el Desarrollo (FIDE) • Fundación Vicente Risco • Galería Sargadelos (O Barco de Valdeorras) • Galería Visol • Galería Volter • Hospital Santa María Nai • I.E.S. Chamoso Lamas • I.E.S. Señorín • Librería Eixo • Liceo de Ourense • Livraria Torga • Lizarrán • Médicos do Mundo • Museo do Mar de Galicia • Museo do Pobo Galego • Museo Etnolóxico de Ribadavia • Nau Ivanow • Olla Ledo • O Turco • Pazo de Almuzara • Praza de Abastos n°1 • Sociedade Fotográfica Alavesa • Trampitán • Universidade de Vigo. Vicerreitoría do Campus de Ourense: Biblioteca, Edifícios Politécnico e de Ferro, Sala Alterarte



MULLERES

Alba Colino Expósito

CENTRO SOCIOCULTURAL CONXO

Praza Aurelio Aguirre, 1. Conxo. Teléfono: 981 528 740. Horario: martes a venres de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 22:00 h. Sábados de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 h.

do 4 ao 30 de novembro

As mulleres marroquís, bérberes, e en xeral, as africanas, teñen tres trazos comúns: a invisibilidade que lles precede, xeradora da anulación da súa identidade e levada a cabo mediante a imposición dunha cultura arraigada ao máximo no paternalismo e a desigualdade do xénero. En segundo lugar, e novidoso, transmiten esperanza, que ven fomentada pola xuntanza paulatina de dous instrumentos de recente actualidade, a formación máis o acceso á información. E por último, en consecuencia do mercantilismo imperialista dominante, sofren os mesmos métodos de manipulación que palpamos en Occidente —construción desmesurada, subida do nivel de vida, publicidade e censura mediática—. Coa diferenza de se ver inmersas nunha precariedade provocada pola supremacía do capital xunto coa falta de ética das elites máis poderentes.

Esperanza

INVERNO NO PARQUE DO CARBALLIÑO

Agrupación Fotográfica O Potiños: Hector Guzmán, J. L. Diz, Juan Rúa, Luisa Lorenzo, Manolo Celta, Mila Fernández



CENTRO SOCIOCULTURAL DA TRISCA

Corredoira das Fraguas, 92. Teléfono: 981 543 191. Horario: luns a venres de 9:00 a 14:00 h. Martes a venres de 17:00 a 21:00 h. Sábados de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 h.

do 4 ao 30 de novembro

Un recorrido por o parque do Carballiño en pleno inverno. Os fotógrafos-camiñantes recollen nunha serie de imaxes toda a quietude do entorno natural desta vila ourensá ó tempo que as follas mortas das árbores fan de alfombra e os musgos do inverno danlle ese contraste de colorido verde, misturado cos amarelos e bermellos de algunhas especies de árbores foráneas. É a propia esencia do parque en contraste co verán e puntualmente ca celebración da Festa do Polbo.

Fotos: J. L. Diz



UN INTRE DO PRESENTE NO PASADO

Luisa Lorenzo

CENTRO SOCIOCULTURAL JOSÉ SARAMAGO DE VITE

Rúa Carlos Maside, 7. Horario: martes a venres de 17:00 a 21:00 h. Sábados de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 h.

do 4 ao 30 de novembro

Unha serie de fotografías onde a autora amosa mundos distintos unificados nunha mesma imaxe. Un chisco, un instante, uns segundos do que acontece neste mesmo momento ao pé do pasado que foi e aínda perdura. Un salto cuantitativo no tempo que nos obriga a pensar, en esencia é o paso do tempo que non perdoa. Foi para ben ou para mal?

Busca que cada quen interprete as fotografías ao seu xeito, que vexa as imaxes á súa maneira, xa que todos non vemos, nin sentimos, nin apreciamos, nin percibimos as mesmas cousas da mesma maneira.

Sen título

OLLOS SALGADOS

Mercedes López Rubín


CENTRO SOCIOCULTURAL O CASTIÑEIRIÑO

Rúa Virxe de Fátima, 1. Teléfono: 981 542 459. Horario: luns a venres de 10:00 a 14:00 e de 15:00 a 21:30 h.

do 4 ao 30 de novembro

Ollos salgados é unha recompilación de recortes da costa galega impregnados de historias incontables, de mariñeiros, de galernas... Esta mostra fotográfica ten a intención de amosar algúns deses recunchos da nosa xeografía galega que esconden maxia, beleza e o labor de crear un camiño de luz ao través dunha senda de rochas, vento e sal...

Illa Lobeira



MASA LÍMITE CAOS

Paco Rocha

CENTRO SOCIOCULTURAL DAS FONTIÑAS

Rúa Berlín, 13. Teléfono: 981 528 750. Horario: martes a venres de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 22:00 h. Sábados de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 h.

do 4 ao 30 de novembro

Decido incorporarme á natureza máis próxima, mirala para reconciliarme con ela, como ser humano, como agresor. Ela agrádacemo devolvéndome ao meu estado animal, mostrándome a beleza do caos natural. Non podo deixar de ver formas entre os recunchos. As masas vexetais cos seus límites e cores difusas conforman unha paisaxe desordenada na que o natural é o caos, entendido dende a perspectiva humana, a esa beleza de caos natural nós chamámoslle «orde natural» nesa teima do ser humano de ordenalo todo, cando o natural é o caos. Cando as masas ao límite atopan o caos, o meu estado animal atopa a calma.

Masa: f. Gran conxunto de xente que polo seu número pode influír na marcha dos acontecementos. Límite: m. Extremo que poden alcanzar o físico e o anímico. Caos: m. Estado amorfo e indefinido que se supón anterior á ordenación do cosmos.

Sen título

CATRO ESTACIÓNS, MIL CORES

Xosé Luís Vázquez Iglesias

CENTRO CULTURAL DO ENSANCHE

Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16. Teléfono: 981 543 001. Horario: luns a venres de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 21:30 h. Sábados de 10:15 a 14:00 e de 17:15 a 20:45 h.

do 4 ao 30 de novembro

Mostra a grande variedade cromática que ten Galicia ao longo do ano. Esta diversidade, sen dúbida en directa relación co seu clima atlántico, pódese comprobar na súa plenitude nas catro estacións do ano, tanto no interior como na costa. Nestas fotografías hai imaxes familiares xunto a outras menos coñecidas. Todas son Galicia sen ningún tipo de mestura.

A Deusa Atlántica

